

Discursos en acción

Conferencias performativas

01

Sábado 4 de xullo

- 11:30 [Macarena Montesinos](#)
Memorias dunha amnésica
- 13:00 [Suso Fandiño](#)
Os pintores da vida
moderna. A cultura
de masas nas orixes
das vanguardas
- 16:00 [Alejandra Pombo](#)
A importancia de ser iceberg

Librería
Numax

Entrada de balde
con reserva de praza no correo
comunicacion@numax.org

Iñaki Martínez Antelo
David Barro
Mónica Maneiro
Comisarios

NUMAX

Comisariado por

PERFORMA

Co apoio da
 Deputación
DA CORUÑA

01

Macarena Montesinos «Memorias dunha amnésica»

En *Memorias dunha amnésica* a artista visual e violonchelista Macarena Montesinos presenta a súa faceta máis íntima nun novo formato a cabalo entre o concerto e a conferencia. Nesta nova proposta reflexiona sobre cuestións relativas ao mundo sonoro e a música a través dos seus propios pensamentos en diálogo con outros pensadores, filósofos, compositores ou músicos. A música é algo más que a organización dos sons? Os sons poden vivir sen a música? A música pode vivir sen os sons? A música proporciona algo más que emocións? A música é a arte da memoria?

Macarena Montesinos é violincellista, improvisadora, artista visual e investigadora no campo da arte sonora. Actualmente é persoal docente investigadora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, da Universidade de Vigo, onde estuda a relación que existen entre as partituras gráficas, a improvisación sonora e a arte de acción.

Integrante dos grupos de improvisación sonora 23RedAnts, do cuarteto de corda Suelen Estar Quartet, do trío Fonogenia, da Orquestra de improvisación dirixida Metamovida, da Orquestra de Música Espontánea de Galicia OMEGa e do dúo de sonorización en directo de cine 16mm.

Música de longa traxectoria, participou, neste último ano, no Festival de Cine Filmadrid, en Tabakalera Donostia, no MUSAC, e en concertos didácticos impartidos en museos como o CGAC ou o MUNCYT de A Coruña. Hoxe en día ten máis dunha ducia de discos publicados en selos discográficos europeos e americanos.

No eido das artes escénicas traballou e realizou varias estancias de investigación en proxectos das coreógrafas Mercé de Rande, Mónica García, Ánxela Blanco e Nuria Sotelo. No mundo da arte de acción, ademais de desenvolver accións en solitario, colaborou en producións de María Roja, Alba Blanco, Idoia Zabaleta ou Berio Molina, con quen levou a cabo no 2019 o proxecto *Piqui Piqui* na Sala X de Pontevedra, dentro da Residencia Paraíso do colectivo rpm.

Traballa de forma asidua na composición e interpretación para producións audiovisuais.



01

Suso Fandiño

«Os pintores da vida moderna.
A cultura de masas nas orixes das vanguardas»

Os momentos previos á aparición das vanguardas, nas últimas décadas do século XIX, correspóndense cun período de grandes avances en tódolos campos. Un territorio fértil en cambios no cal o vello non rematou de morrer mentres o novo sinónimo inseparable do moderno, ademais de ter nacido, popularizou os seus progresos ata o inimaxinable. Os futuros vanguardistas, áínda nenos, abren literalmente os ollos nunha sociedade onde a produción de imaxes, antes reservada en exclusiva a un grupo minoritario, os artistas, convive agora con unha industria capaz de proporcionais e distribuílas masivamente. Estas, e non outras, son as imaxes transitorias, fugaces e continxentes que Baudelaire tiña reservado para os pintores da vida moderna.

Suso Fandiño é Doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo e Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa como docente na Facultade de Belas Artes da Universidade de Pontevedra e no ensino secundario e imparte cursos e conferencias en relación á arte contemporánea como o curso *Quen teme a arte contemporánea? Aproximacións e afastamentos ás prácticas artísticas do século XX* impartido no CGAC (2019). A súa traxectoria desenvólvese a medio camiño entre a docencia e a práctica artística. Nesta última consegue utilizar todos os medios ao seu alcance para desenvolver unha obra na que mestura elementos pictóricos, a fotografía, o uso do vídeo e a instalación. Propón actuacións que tratan cuestións relativas ao propio traballo artístico, á crítica institucional e á apropiación. A súa obra foi exposta no CGAC (Santiago de Compostela), DA2 (Salamanca), MARCO (Vigo), Fundación Barrié (A Coruña) ou o Goethe Institute (Frankfurt), ademais de en galerías como Ad Hoc, T20, Trayecto ou a norteamericana



Maus Contemporary e feiras de arte como ARCO, LOOP, Art Lisboa, Paper Positions Berlín, Liste Art Fair e Drawing Now Paris, entre outras. O seu traballo forma parte de importantes coleccións públicas e privadas españolas e internacionais como a Colección CGAC, a Fundación Coca-Cola, a Fundación Barrié ou a Jan Michalski Fondation. A súa serie *Vous etés ici* sobre o conflicto sirio recibiu en 2016 o máximo galardón no 24 Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos.

01

Alejandra Pombo «A importancia de ser iceberg»

As cousas que posúo
ás veces posúenme a min.
Púxenme nerviosa e saíronme foguetes do peito.
Que me van facer?
Sácome un ollo, métomo dentro e sigo sentindo o baleiro.
Estaba heavy.
Comíame os farois.
Cando deixas a pel
recórdame que non haberá perfección.
Cando un chicle perde o seu sabor, en que se converte?



Alejandra Pombo móvese no llinde entre a performance, o traballo videográfico, a escritura, ou a escultura. Na súa obra, o importante é o modo no que se confronta ao traballo. A súa obra é complexa en canto á presenza continua da omisión e a elipse na súa procura dunha nova narrativa emocional.

Licenciada en Artes Visuais pola Facultade de Belas Artes de Madrid e Máster en Artes Dixitais da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, recentemente finalizou a súa tese doutoral sobre os paradoxos da introdución da noción de performance na arte. Participou en importantes proxectos como a edición 2017 do festival Escenas do Cambio dirixido por Pablo Fidalgo na Cidade da Cultura de Galicia; *What is Third* na Casa Encendida (2015) dirixida por María Jerez; Primer Proforma (MUSAC, 2010), dirixido polos artistas Txomin Badiola, J. Mikel Euba e Sergio Prego; e Mugatxoan (2009), na Laboral, na Fundación Serralves e Arteleku. Tamén realizou residencias en I-Park Foundation (Connecticut, EE.UU.), Atlantic Center for the Arts (Florida, EE.UU.), PACT-Zollverein (Essen, Alemaña), La Casa Encendida, o CA2M e o Ranchito en Matadero Madrid, entre outras.

- Próxima e última xornada: Sábado 22 de agosto.
Con Misha Bies Golas, Jacobo Bugarín e Xisela Franco.
Reserva de prazas en comunicacion@numax.org